



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN PÚBLICAS SOBRE O TURISMO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AO ABEIRO DOS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO NO MARCO DO FEMP 2014-2020.

En Muxía, a 15 de xuño de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería do Mar, e no seu nome e representación en virtude das atribución que ten conferidas, Rosa M^a Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia nomeada polo Decreto 128/2015, do 4 de outubro, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co Decreto 129/2015, de 8 de outubro, que fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, a Axencia de Turismo de Galicia, e no seu nome e representación en virtude das atribucións que ten conferidas, María Nava Castro Domínguez, Directora da Axencia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013, de 21 de febreiro, e actuando de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, que crea a Axencia de Turismo de Galicia e aproba os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes, con capacidade e lexitimación suficiente para formalizar este acordo de colaboración e, na súa virtude

EXPOÑEN

Que a Consellería do Mar en aplicación do programa operativo español do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (en diante FEMP) para o período 2014-2020 en Galicia ten en marcha o programa Desenvolvemento Sostible das Zonas de Pesca da nosa Comunidade Autónoma.

Nas zonas pesqueiras, o desenvolvemento local participativo planeado no FEMP fomenta planeamentos innovadores para impulsar o crecemento e a creación e emprego, en especial diversificando a economía local cara a novas actividades económicas, entre elas as que ofrecen o crecemento azul e os sectores marítimos en sentido amplo.

A prioridade 4 do FEMP de "Aumento do emprego e a cohesión territorial" ten como obxectivo específico o fomento do crecemento económico, a inclusión social, e a creación de emprego e o apoio á empregabilidade, incluíndo á diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto de outros sectores da economía marítima.



O turismo é unha das actividades tradicionais nas comunidades costeiras, ademais a vinculación do turismo co sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, no marco das estratexias do crecemento azul, abre unha interesante fonte de oportunidades para a creación de emprego e de ingresos adicionais.

A Consellería do Mar ten establecidas as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (en diante, EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020. Os proxectos que se presentan son instruídos, avaliados e propostos para a concesión das axudas por cada Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (en diante, GALP) segundo a EDLP que cada Grupo ten definido para o seu territorio.

Dado que as competencias en materia de fomento do turismo e a ordenación do sector mediante a aplicación das disposicións normativas, así como a comprobación e vixilancia do cumprimento das disposicións legais na materia residen na Axencia de Turismo de Galicia, faise necesario que calquera actuación que supoña una incidencia no desenvolvemento do turismo galego debe estar en coñecemento necesariamente do departamento competente na materia.

Hoxe en día o turismo é un dos piares da economía galega cun forte desenvolvemento nos últimos dez anos, onde a través das diferentes iniciativas público-privadas conseguíuse, entre outras cousas, una oferta segmentada por produtos, una mellora da calidade do servizo e na capacitación profesional, unha imaxe prestixiada no mercado nacional e internacional así como unha valorización dos nosos recursos turísticos naturais e patrimoniais.

Esta realidade nos permite afirmar que as políticas que se desenvolvan desde a Xunta de Galicia teñen que ir en dous sentidos: por unha banda, mellorar a oferta existente dotándoa de máis e mellores servizos na procura da excelencia e a calidade e, por outra banda, permitindo configurar unha oferta axeitada nos territorios que son potencialmente interesantes pola súa vinculación ao medio mariño e pesqueiro para desenvolvela.

Desde este convencemento e conscientes da diversidade de actuacións públicas no eido do turismo, cofinanciadas en moitas ocasións con fondos comunitarios, faise imprescindible a coordinación de medios materiais, técnicos e orzamentarios entre os diferentes actores para rendabilizar os investimentos e determinar actuacións complementarias e, sobre todo, seguir unha pauta xeral e homoxénea que manteña a imaxe de marca do turismo galego.



Por todo o exposto e en aras de manter o espírito de colaboración que preside a actuación da Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería do Mar, ámbalas dúas partes acordan formalizar o presente acordo de colaboración que se vai rexer polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO ACORDO

O obxecto do presente acordo é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería do Mar respecto das actuacións públicas sobre servizos e actividades turísticas que se van realizar nas zonas do litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA: FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS

No marco deste acordo, o financiamento das actuacións públicas dirixidas ao turismo no medio litoral galego distribuiranse do seguinte xeito:

- 1) A Axencia de Turismo de Galicia subvencionará os investimentos turísticos de acordo coas convocatorias de axudas que publique.
- 2) A Consellería do Mar poderá subvencionar, a través dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro, entre outros, os seguintes investimentos turísticos nas zonas delimitadas:
 - a. Sendeiros polo litoral ou roteiros guiados pola beiramar, percorridos por instalacións portuarias, visitas guiadas aos bancos marisqueiros, xornadas de pesca a bordo de barcos pesqueiros, etc.
 - b. Accesibilidade e servizos en praias: trátase de mellorar os servizos e os accesos a zonas de baño respectando a singularidade de cada unha delas e seleccionando as que deben incluírse ou non. Na medida do posible intentarase que as intervencións sexan axeitadas cara a acadar a Q de calidade turística e lograr a accesibilidade para todas as persoas.
 - c. Valorización do Patrimonio marítimo: recuperación de construcións vinculadas ao mar como faros, fábricas de salazón, etc.
 - d. Valorización do Patrimonio cultural subacuático.
 - e. Recuperación e posta en valor dos núcleos mariñeiros (actuacións nos pobos do litoral): actuacións en espazos públicos que permitan o embelecemento dos pobos e vilas mariñeiras.
 - f. Habilitación ou potenciación de espazos como centros de coñecemento pesqueiro: barcos, exposicións interactivas... en resumen centros de interpretación do mar.
 - g. Recuperación da cultura tradicional mariñeira: recuperación de aparellos, talleres artesanais, lendas e tradicións, festas tradicionais...



- h. Divulgación de actividades vinculadas ao mar: exposicións, campañas de sensibilización entre a propia poboación galega.
- i. Creación de empresas e servizos turísticos de actividades mariñas como mergullo, vela, pesca sen morte, etc. Creación de oferta complementaria con actividades vinculadas ao mar.
- j. Valorización dos produtos do mar a través do seu consumo directo nos restaurantes da zonas costeiras e de puntos de venda.
- k. Realización de produtos “delicatessen” para a súa comercialización, tanto os agroalimentarios como os culturais.
- l. Turismo industrial: visitas a empresas de actividades vinculadas ao mar, desde as conserveiras ata os astaleiros, favorecendo puntos de venda alí onde sexa posible.
- m. Potenciar nalgún punto da costa galega verdadeiras “mariñas” que sirvan como puntos de referencia do turismo náutico a nivel internacional.
- n. Complementar actuacións con Portos de Galicia para ofrecer servizos nos portos para todo o que supón o chárter náutico e o desenvolvemento da náutica en Galicia.
- o. Formación para a profesionalización de persoal en servizos turísticos
- p. Creación de centros de talasoterapia.

As ratios de ocupación de prazas regulamentadas, aconsella non incrementar as infraestruturas aloxativas a partir de recursos públicos agás naquelas áreas que presenten carencias de prazas ou para casos de proxectos de interese xeral que impliquen a recuperación dalgún elemento patrimonial de interese arquitectónicos ou da cultura marítima-pesqueira. Nestes casos os proxectos deberán ser informados pola Axencia de Turismo de Galicia.

Para que os investimentos sexan subvencionables segundo o previsto neste apartado han de ter cabida na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP correspondente e cumprir os requisitos do réxime de axudas do programa operativo español do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

TERCEIRA: ASESORAMENTO

A Axencia de Turismo de Galicia designará unha persoa interlocutora para a coordinación cos GALP para os efectos de canalizar o asesoramento necesario a estes cando xurdan dúbidas sobre propostas de proxectos turísticos a presentar para recibir subvencións.

A Axencia de Turismo de Galicia, xunto coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, poderán realizar xuntanzas cos GALP ou co persoal técnico dos GALP para informar a estes sobre cuestións recorrentes sobre propostas ou proxectos turísticos ou para formalos na promoción de produtos interesantes para o sector turístico de Galicia.



CUARTA: SISTEMA DE COMUNICACIÓN PARA COMPROBAR A CONCORRENCIA DE SUBVENCIONES

Os GALP poñerán en coñecemento da Axencia de Turismo de Galicia, os proxectos que teñan relación co turismo que se presenten e sexan valorados e propostos polos GALP para o seu financiamento, para os efectos de comprobar a concorrencia de subvencións polas dúas consellerías.

A Consellería do Mar informará á Axencia de Turismo de Galicia dos proxectos aprobados para o seu financiamento que teñan relación co turismo no ámbito do Desenvolvemento Sostible das Zonas Pesqueiras do FEMP, sempre no marco do respecto á normativa sobre protección de datos.

QUINTA: INSPECCIONES

A Axencia de Turismo de Galicia, nos investimentos subvencionados pola Consellería do Mar a través dos GALP, poderá realizar as inspeccións e actuacións de comprobación que sexan da súa competencia.

SEXTA: EMISIÓN DE AUTORIZACIONES E/OU CLASIFICACIONES TURÍSTICAS

A Axencia de Turismo de Galicia emitirá as autorizacións e/ou clasificacións esixidas pola normativa turística segundo o tipo de establecementos. Para estes efectos os promotores presentarán a declaración responsable correspondente ou solicitude de autorización ante a Axencia Turismo de Galicia para que se emitan as ditas autorizacións ou clasificacións pola Dirección da Axencia.

Todos os investimentos aos que se refire este acordo deben cumprir os requisitos esixidos pola normativa turística para a súa autorización e/ou clasificación.

SÉTIMA: VIXENCIA

O presente acordo terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, podendo ser prorrogado por acordo de ambas partes, con anterioridade ao remate da súa vixencia.

O presente acordo rescindirase cando o solicite calquera das partes cun mes de antelación á data na que se pretenda deixalo sen efecto e, sempre dentro do seu período de vixencia. Non obstante o anterior, deberán respectarse as accións que esteñan en fase de execución, e aquelas sobre as que exista un compromiso formal de realización.

OITAVA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Crearase unha comisión de seguimento do presente acordo integrada por catro persoas: a persoa que ocupe a Dirección Axencia de Turismo de Galicia e a persoa que ocupe a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ou persoas que designen en substitución, e un representante máis por cada unha das partes designado por aquelas.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

- a) Resolver os problemas e controversias que suscite o acordo na súa execución.



- b) Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- c) Realizar o seguimento do financiamento público concorrente da Consellería do Mar e a Axencia de Turismo de Galicia sobre os proxectos incluídos no ámbito de actuación das partes.
- d) Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes.

Esta comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes, previa petición formal.

O presente acordo ten natureza administrativa. As discrepancias que non sexan resolvas pola Comisión de Seguimento someteranse ao procedemento de solución de conflitos interadministrativos entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería do Mar, nos termos previstos no artigo 13 da LOFAXGA (Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Lido o presente acordo por ámbalas dúas partes, en proba de conformidade asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

Pola Conselleira do Mar

Pola Axencia de Turismo de Galicia

A Conselleira

A Directora



A CONSELLEIRA
P.D. Orde 30-03-12 (D.O.G. 12-04-12)
D.A. 6º Decreto 129/2015 (D.O.E. 09-10-15)
A DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Asdo.: Susana Rodríguez Carballo

Rosa M^a Quintana Carballo



M^a Nava Castro Domínguez